



Punto da orde do día: 5

Informe da Intervención de Contas de Som Energia

ÍNDICE

Contexto e resumo executivo	2
Apoio á aprobación das contas anuais 2021	2
Relación co equipo de Economía e Finanzas e co Consello Reitor	3
Balance	4
Conta de resultados	6
Estabilidade financeira da cooperativa no longo termo	8
Orzamento 2022	9

Contexto e resumo executivo

O 2021 foi un ano especialmente difícil e convulso no sector enerxético. Aos problemas derivados da pandemia uníronse os seguintes:

- Unha brutal e inédita **escalada de prezos** da enerxía no mercado maiorista. Esta escalada incrementou as necesidades de fondos para pagar as facturas da enerxía (os elevados prezos fixeron que aumentase o volume de cartos que avanzamos e que non recuperamos ata que se cobra a factura da clientela). Tamén aumentaron as garantías que cómpre achegar para poder operar no mercado OIME.
- Os cambios no **sistema tarifario**, que provocaron atrasos na facturación (por falta de lecturas por parte de distribuidoras).
- E os **novos cambios** impulsados polo Goberno estatal para paliar os efectos da escalada de prezos sobre o consumidor final. Isto fixo que a cooperativa adiantase o diferencial do IVE entre o 21 % e o 10 % (Facenda tarda uns meses en facer este retorno).

Destacamos que a **solvencia da** cooperativa non se viu comprometida, xa que o maior custo (o aprovisionamento) coñécese por adiantado e fíxanse as tarifas a partir del. Tampouco se incrementou a morosidade.

A crise sufrida foi basicamente de **liquidez**. Saldouse de xeito satisfactorio mediante a ampliación do capital social voluntario e o endebedamento bancario.

O crecemento no número de contratos e clientes e, polo tanto, de kWh facturados, implica sempre a necesidade de máis recursos financeiros para cubrir os riscos de mercado (garantías OMIE e garantías de futuros) e as necesidades de capital de traballo (desfase entre pagos e cobros). Para medrar sen comprometer a tesourería, apostamos por máis xeración, máis contratos bilaterais con terceiros (PPA) e máis representación de mercado.

Malia todas estas tensións, o resultado do 2021 antes de impostos foi positivo en 1 604 605 €, un 98,5 % superior ao do 2020.

Apoio á aprobación das contas anuais 2021

O artigo 53 dos Estatutos vixentes de Som Energia define as funcións das persoas escollidas pola Asemblea como interventoras de contas. De acordo con este documento e coas responsabilidades recollidas na lexislación aplicable, emitimos o noso informe sobre a memoria explicativa da xestión da empresa, o balance, a conta de resultados e os outros documentos contables que se someten preceptivamente á Asemblea Xeral 2022.

Consideramos que con este informe remata o noso traballo de coñecemento da xestión económica, financeira, patrimonial e contable para dotarnos de unha visión o máis atinada posible da cooperativa. A colaboración co equipo de Economía e Finanzas foi fluída. Proporcionóusenos a información requirida a medida que estaba dispoñible, tanto sobre a

empresa principal como sobre as participadas. Recibimos resposta e explicación ás cuestións que presentamos. Celebramos as xuntanzas necesarias para comprender a información con exactitude e para complementala, e puidemos manifestar a nosa opinión con liberdade e independencia.

Analizamos a información fornecida. Baseándonos no noso coñecemento e criterio, o *balance de situación e a conta de perdas e ganancias do exercicio 2021 de Som Energia S.C.C.L., os das sociedades participadas nas que ostenta unha posición dominante e os consolidados do Grup Som Energia reflecten axeitada e fielmente as súas situacións financeiras e patrimoniais, e o resultado das operacións efectuadas. As memorias de Som Energia e do Grupo, que forman parte integrante das contas anuais, fornecen a información necesaria e suficiente para a súa comprensión.*

Polo tanto, ***propoñemos aprobar as contas anuais do exercicio 2021 presentadas á Asemblea Xeral Ordinaria 2022.***

Como resultado das revisións practicadas durante este exercicio e os anteriores, manifestamos a nosa opinión sobre algúns temas de xestión económica, financeira e patrimonial. Pretendemos complementar, por unha banda, a auditoría externa e, por outra, o informe explicativo elaborado polo equipo económico-financeiro.

Relación co equipo de Economía e Finanzas e co Consello Reitor

Som Energia sufriu en todas as súas estruturas, pero superou a dura proba deste ano. Agradecemos ao Consello Reitor e ao equipo técnico o seu esforzo e dámoslles os nosos parabéns polo positivo resultado da súa xestión. No noso caso, felicitamos en especial ao equipo de Economía e Finanzas, incluíndo á persoa que foi baixa e as que se incorporaron.

Tamén agradecemos os diversos convites do Consello Reitor a asistir e a participar nalgunhas das súas xuntanzas, e a designación dun membro do mesmo como o noso interlocutor. Agardamos continuar esta relación e estreitala aínda máis no futuro.

O ano anterior celebrábase a aparición do *Informe explicativo das contas*, elaborado por Economía e Finanzas. Congratulámonos da súa continuación, malia a sobrecarga de traballo e os cambios sufridos no equipo.

Tamén valoramos en positivo a incorporación de máis persoal en Economía e Finanzas, como reclamábamos no noso informe do ano pasado. Porén, aínda detectamos insuficiencias no que se refire ás ferramentas de xestión (TI), necesarias para a fiabilidade da operativa e para o benestar laboral do equipo. Entre estas, destacamos de novo a ausencia dunha contabilidade analítica completa. Considerámola un instrumento de gran valor para mellorar o control da xestión societaria.

Balance

Tiramos extracto só dos aspectos relevantes do balance e comentáremolos a continuación.¹

ACTIVO. Importes en M€ (millóns de euros)	2021	2020	Diferenza
A) ACTIVO NON CORRENTE	14,95	13,29	1,66
I. Inmobilizado intanxíbel	0,14	0,02	
II. Inmobilizado material (terreos e instalacións técnicas)	0,80	0,10	
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	13,64	11,61	
1. Instrumentos de patrimonio (capital sociedades participadas)	1,30	1,14	
2. Créditos a empresas (a sociedades participadas)	12,34	10,47	
V. Investimentos financeiros a longo prazo	0,37	1,54	
1. Instrumentos de patrimonio	0,37	0,37	
5. Outros activos financeiros	0,00	1,17	
B) ACTIVO CORRENTE	39,10	20,78	18,31
III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar	16,00	4,24	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	7,93	4,16	
5. Activos por imposto corrente	0,08	0,08	
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	7,98	0,00	
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	0,84	0,54	
V. Investimentos financeiros a curto prazo	16,36	1,64	
1. Instrumentos de patrimonio	0,17	0,17	
2. Créditos a empresas	0,11	0,00	
4. Derivados	8,61	1,47	
5. Outros activos financeiros	7,47	0,00	
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	5,90	14,36	
TOTAL ACTIVO (A + B)	54,05	34,08	19,97

PASIVO. Importes en M€ (millóns de euros)	2021	2020	Diferenza
A) PATRIMONIO NETO	33,54	20,85	12,69
I. Capital	28,79	17,40	
III. Reservas	3,45	2,77	
VII. Resultado do exercicio	1,29	0,68	
B) PASIVO NON CORRENTE	8,52	6,26	2,26
I. Provisións a longo prazo	0,12	0,09	
II. Débedas a longo prazo (con entidades de crédito e outros pasivos)	2,07	0,30	
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo (con socios)	6,33	5,85	
C) PASIVO CORRENTE	11,99	6,96	5,03

¹ As contas anuais de 2021 que se someten a aprobación inclúen o Balance completo. Para unha información máis detallada, tamén remitimos ao *Informe explicativo das contas anuais 2021 Som Energia*, preparado polo seu equipo de Economía e Finanzas.

II. Provisións a curto prazo	0,09	0,10	
III. Débedas a curto prazo (con entidades de crédito e outros pasivos)	5,15	0,02	
V. Acredores comerciais e outras contas para pagar	6,75	6,83	
1. Provedores	3,51	2,83	
3. Acredores varios	1,83	1,17	
5. Pasivos por imposto corrente	0,21	0,00	
6. Outras débedas coas Administracións Públicas	1,11	2,83	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)	54,05	34,08	19,97

A operativa cambiou durante 2021. Os cambios xeraron un incremento de 19,97 M€ entre o balance a 31-12-2021 (54,05 M€) e a 31-12-2020 (34,08 M€). Os produtos contratados son os seguintes:

- a) **Aumento de garantías para OMIE** A cooperativa substituíu a Unión Electro Industrial nos servizos de aprovisionamento de enerxía no mercado diario OMIE. Por isto recuperáronse 1,1 M€ en depósito en Unión Electro Industrial. Pola contra, entregáronse á OMIE garantías por valor de 7,47 M€. Este importe débese ao elevado prezo da enerxía: canto maior é o prezo, máis garantías cómpre depositar.
- b) **Anticipos de IVE** O IVE soportado nas compras de enerxía mantívose co gravame do 21 %, pero o IVE repercutido na maioría das vendas a clientes reduciuse ao 10 %. Polo tanto, as liquidacións de IVE pasaron de ser «a pagar» a ser «a devolver». A 31-12-2021, Facenda tiña 7,98 M€ pendentes de devolver á cooperativa.
- c) **Compras de enerxía a futuro** A finais de ano, os contratos tiñan valoracións moi favorables á cooperativa (o prezo da enerxía asegurado a futuro era máis baixo có prezo da enerxía vixente a finais de ano). Isto incrementou en 7,14 M€ esta partida, respecto a finais do 2020.
- d) **Empréstitos a sociedades** participadas por valor de 2,47 M€, para construír novas plantas de xeración: PF Llanillos, Pedro Martínez (Granada); PF La Serra, Anglesola (Lleida), e PF Asomada Solar, Cartaxena (Murcia).
- e) **Saldo de clientes** Incrementábase en 3,77 M€. A finais do 2021 emitíronse facturas que se cobraron a inicios do 2022. Por mor do incremento do prezo da enerxía, estas facturas teñen un importe total moi superior ao das emitidas a finais do 2020.
- f) **Compra de terreo** Mercouse por 0,71 M€ a principios do 2021, no municipio de Xirona, para as futuras oficinas da cooperativa.
- g) **Capital de traballo** Maioritariamente, é o importe que a cooperativa avanza, dende que paga a enerxía semanalmente ata que a cobra dos seus clientes mensualmente. No 2021 medraron as necesidades de capital de traballo, por mor do incremento dos contratos xestionados (+11,7 %) e dos kWh facturados (+15,3 %).

O **financiamento** destas aplicacións de recursos fíxose mediante cinco instrumentos:

- a) **Tesourería**, que se reduciu en 8,46 M€ entre o 31-12-2020 e o 31-12-2021.
- b) **Achegas de socios**:

- b1) Ao capital social **voluntario** (emisión aberta en outubro, +11,6 M€ a 31-12-2021). Cando se reduzan as necesidades de recursos, o remanente deberíase empregar na xeración ou na cancelación de débeda con custo, cando sexa axeitado.
- b2) Ao capital social **obligatorio** de novos socios (+0,79 M€).
- c) **Incremento de reservas**, grazas aos resultados positivos de 2020 (+0,68 M€).
- d) **Crédito bancario** Por primeira vez, o balance cooperativo inclúe débedas con entidades financeiras de banca ética, pública e comercial. A rápida suba dos prezos da enerxía obrigou a incorporar esta fonte de financiamento. A 31-12-2021, o saldo vivo da débeda bancaria era de 6,33 M€.
- Felicítamos ao equipo de Economía e Finanzas polas súas xestións para aumentar a dispoñibilidade de tesourería, á marxe das achegas voluntarias. Esta dispoñibilidade de liñas de crédito e avais e a contratación de *confirming* (se non se emprega, con custo nulo) aumentan a liquidez e dan seguridade ás operacións.
- e) **Suba de tarifas** No 2021, cumpriu modificar as tarifas 4 veces á alza para incorporar a suba dos prezos da enerxía.

Conta de resultados

Previamente, reflectimos dous datos de especial interese:

Concepto	2021	2020	Variación %
kWh facturados	433.025.684	375.498.575	15,3 %
Contratos a final de ano	133.277	119.335	11,7 %

Tiramos extracto só dos aspectos relevantes da conta de resultados e comentámoslos a continuación.²

Importes en M€ (millóns de euros)	2021	2020	%
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS			
1. Importe neto da cifra de negocios	79,21	72,06	9,9 %
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	0,14	0,00	
4. Aprovisionamentos	-73,92	-65,17	13,4 %
A.0) MARXE DE COMERCIALIZACIÓN (1+4)	5,29	6,89	-23,3%
5. Outros ingresos de explotación (subvencións e doazón voluntaria)	1,05	0,79	32,6 %
6. Gastos de persoal	-3,73	-3,23	15,4 %
7. Outros gastos de explotación	-0,86	-3,50	-75,3 %
a) Servizos exteriores	-1,52	-1,27	

² Ver nota 1. Aplicamos o mesmo criterio á conta de resultados.

b) Tributos	0,80	-2,03	
c) Perdas, deterioración e variación de provisións	-0,15	-0,20	
8. Amortización do inmovilizado	-0,06	-0,07	-10,6 %
12. Fondo de Educación, Formación e Promoción	-0,11	-0,06	91,7 %
13. Outros resultados	-0,01	-0,01	-34,4 %
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+3+4+5+6+7+8+9+12+13)	1,71	0,81	110,1 %
14. Ingresos financeiros	0,19	0,23	-17,3 %
15. Gastos financeiros	-0,20	-0,23	-14,2 %
18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	-0,09	0,00	
A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+18)	-0,10	-0,00	-106,4 %
A.3) RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS	1,60	0,81	98,5 %
19. Impostos sobre beneficios	-0,31	-0,13	144,7 %
A.4) RESULTADO OPERACIÓN CONTINUADAS (A.3+19)	1,29	0,68	89,8 %
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO	1,29	0,68	

O resultado antes de impostos do 2021 foi de 1,60 M€, superior en 0,79 M€ ao do ano anterior (+98,5 %). As principais partidas que afectaron a esta variación foron as seguintes:

a) Custo do aprovisionamento

Som Energia continuou participando no mercado de futuros para coñecer de antemán a que prezo se mercará a enerxía. Por medio do mercado de futuros, cobre arredor do 80 % das súas necesidades de aprovisionamento. Para o resto, acode ao mercado diario OMIE.

Co prezo de compra coñecido mediante futuros, a cooperativa fixa as tarifas. Así, o risco, no tocante á marxe de comercialización, limitábase a parte non cuberta.

Grazas ás coberturas de futuros, conseguíuse que a suba de prezos de custo de aprovisionamento para o ano 2021 fose moito menor cá suba experimentada polos prezos de mercado. Deste xeito, o número de kWh facturados medra nun 15,3 %, pero o custo de aprovisionamento medra menos, un 13,4 %, e pasa de 65,17 M€ no 2020 a 73,92 M€ (+8,75 M€) no 2021.

A novidade do 2021 en **aprovisionamento** é que Som Energia estableceu contratos PPA (*power purchase agreement*, ou acordos de compra de electricidade) coas súas sociedades participadas de xeración. Estes contratos dan seguridade ás dúas partes. Por unha banda, estas sociedades asegúranse cobrar un prezo garantido pola enerxía xerada, sen estar á mercé das flutuacións do mercado. Estímase que, cos ingresos derivados da aplicación dos contratos PPA, as sociedades participadas poderán xerar resultados positivos e obter os recursos financeiros necesarios para devolver os empréstimos concedidos pola cooperativa. Por outra banda, con estes contratos, Som Energia asegúrase un prezo de aprovisionamento para toda a enerxía xerada polas súas participadas. Deste xeito, evita ter que facer coberturas de futuros desta parte. No 2021, estes contratos PPA aforráronlle 1,12 M€ en custo de aprovisionamento.

Finalmente, unha terceira vantaxe sería a posibilidade de subrogar con bancos os empréstimos da cooperativa ás participadas. Con todo isto, Som Energia podería obter maior liquidez. Tamén abre a posibilidade de acadar novos acordos PPA con outros xeradores.

b) Ingresos

Os ingresos por vendas e prestacións de servizos aumentan un 9,9 %, e pasan de 72,06 M€ no 2020 a 79,21 M€ (+7,15 M€) no 2021. As medidas do Goberno estatal para reducir o prezo da factura eléctrica (redución das peaxes nas tarifas e suspensión temporal de algúns conceptos na factura) diminuíron o importe final facturado. As devanditas medidas (ausentes no 2020) afectan á variación 2021/2020 dos ingresos.

Durante o primeiro trimestre do ano, as tarifas mantivéronse conxeladas malia o efecto do temporal Filomena. Polo tanto, non se trasladou á facturación o incremento do custo medio da enerxía adquirida no mercado diario OMIE.

c) Marxe de comercialización

De acordo coa variación dos ingresos e do custo de aprovisionamento, a marxe de comercialización do 2021 é de 5,29 M€. Respecto ao 2020, redúcese en 1,60 M€ (-23,3 %). Esta diminución sostívose por un menor gasto na partida de «Tributos», que comentamos a continuación.

d) Gastos de explotación

Os gastos de explotación foron de 3,58 M€, fronte aos 6,08 M€ do 2020. A principal variación deriva dunha modificación normativa respecto da obrigatoriedade do pago do IAE, que libera toda a provisión dotada en anos anteriores (1,49 M€), con contrapartida na conta de tributos da conta de explotación. O resultado é un «**ingreso extraordinario**», xa coñecido a principios do 2021. Entendemos que isto permitiu moderar as posteriores subas de tarifas do mesmo ano.

Estabilidade financeira da cooperativa no longo termo

A robustez financeira da cooperativa ante a incerteza sobre os prezos da enerxía non é só unha cuestión conxuntural, senón de longo termo.³ Para protexerse financeiramente ante estes efectos, propoñemos reforzar as seguintes liñas de actuación, moitas das cales xa están en marcha:

- a) Investimento decidido na actividade de prospección de oportunidades de xeración, aberta á participación en plantas compartidas con outros axentes do sector.

³ Sobre os picos de materiais e fontes enerxéticas non renovables pode lerse, por exemplo, *En la espiral de la energía* (Luis González Reyes, 2015) ou o blog de Antonio Turiel Martínez, *The oil crash* [<https://crashoil.blogspot.com/>].

- b) Impulso e promoción do autoconsumo, tanto en residencias unifamiliares como en bloques de pisos, para incentivar a xeración de excedentes.
- c) Apoio e participación activa na formación e desenvolvemento de comunidades enerxéticas, buscando roles aliñados coas capacidades e a vocación da cooperativa, como a representación, a xestión, o mantemento e o investimento.
- d) Iniciar a contratación a longo termo de PPA con terceiros, dentro dos parámetros de respecto ambiental e social da cooperativa.
- e) Ofrecer a contratación da tarifa indexada ao prezo de adquisición.⁴ Xa foi aprobada pola Asemblea de 2020.
- f) Incrementar a actividade de representación de produtores no mercado eléctrico (actividade de Som Renovables, S.L.), para reducir as garantías a depositar en OMIE.

Malia que estas liñas de actuación xa estean en marcha, cremos que deberían explicitarse en planes definidos e en dotacións orzamentarias multianuais. Polo tanto, non só deberían reflectirse en gastos operativos (Opex), senón tamén parcialmente como investimento de capital (Capex), mesmo nas súas fases de estudo e prospección.

Orzamento 2022

Sométese á Asemblea o orzamento elaborado a finais do 2021. Entendemos que se fixo cos datos dispoñibles daquela e coa mellor estimación posible.

Para vindeiros anos, parécenos interesante estudar a posibilidade de presentalo con datos reais do primeiro trimestre (incluíndo os contratos de futuros pechados) e coa estimación para o resto do ano.

O orzamento para o 2022 supón incrementos superiores ao 100 % respecto ao do 2021 nas variables máis significativas de ingresos, gastos e marxe de comercialización. Polo tanto, suxerimos acompañalo de previsións en necesidades de tesourería.

⁴ En situacións de gran volatilidade, como a actual, a cooperativa viuse obrigada a non admitir novos contratos. A tarifa indexada permitiría ofrecer esta opción a novos contratos.